10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?				

8.2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará Anualmente a final de curso

Que medidas se adoptarán en caso de desfase? Reorganízase, se é o caso en función dos resultados, os apartados da programación para o seguinte curso

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Atención os alumnos na clase segundo as súas capacidades.</p> <p>2. Atención nos períodos de lecer a aqueles alumnos que o precisen e que voluntariamente requiran axuda do profesor ou profesora correspondente.</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.. Tamén se proporcionan materiais curriculares de apoio, tanto para alumnos con dificultades como para alumnos que destacan na aula.</p> <p>2. Desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poida establecer.</p> <p>3. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? SI</p> <p>4. Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (Adaptación Curricular Individual ACI) e con dificultades derivadas da fenda dixital.</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Si, xa está recollido no apartado de avaliación de pendentos</p>

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? Á data de hoxe non temos ningún</p> <p>2. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Á data de hoxe, non.</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Á data de hoxe, non temos constancia</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Foi suprimido neste curso, cando había funcionado moi ben o curso pasado 19-20, o que permitiu que eses alumnos acadaran resultados positivos.</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? NON.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? NON</p>

10. Actividades complementarias e extraescolares

Non hai prevista ningunha actividade extraescolar para este curso tendo en conta as restricións de visitas como consecuencia da pandemia . En caso de levantarse as restricións plantexaríase algunha actividade complementaria e/ou extraescolar a determinar.

11. Datos materia

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
FÍSICA E QUÍMICA	2º ESO	2	Mª Carmen Meilán Garrido
FÍSICA E QUÍMICA	2º ESO	3	Belén Villar Martínez

12. Relación coa resolución

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Folla
a	Introdución e contextualización	
b	Contribución ás competencias básicas	
c	Concreción dos obxectivos para curso	
d	Concreción para cada estándar	
	1º.- Temporalización	
	2º.- Grao mínimo de consecución	
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	
e	Concrecións metodolóxicas	
f	Materiais e recursos didácticos	
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	
k	Avaliación inicial e medidas	
l	Medidas de atención á diversidade	
m	Concreción de elementos transversais	
n	Actividades complementarias e extraescolares	
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	

Anexo

1.- Adaptacións en caso de docencia non presencial:

1.1. Proposta metodolóxica.

Basearase no uso exclusivo da aula virtual e videoconferencia Webex, como medios de comunicación entre o profesor e o alumno, complementado co correo electrónico. Realizaráanse as seguintes accións:

- Realízase no horario lectivo da materia, a comunicación por videoconferencia na que o profesor desenvolve as unidades didácticas, resolve dúbidas e plantexa tarefas a realizar.
- Na aula virtual inclúense resúmenes dos temas a desenvolver, simulacións de casos prácticos, plantéxanse tarefas a realizar, para posteriormente incluír as solucións das mesmas.
- O correo electrónico servirá como canle de comunicación complementario entre o profesor e o alumno.

1.2.- Avaliación no caso de ensino non presencial.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos que os indicados anteriormente para o ensino presencial nos apartados: 7.1. Procedemento avaliación inicial; 7.2. Plan reforzo; 7.3. Procedemento de avaliación continua; 7.4. Procedemento de avaliación final; 7.5. Procedemento de avaliación extraordinaria; 7.6. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentos, coas seguintes modificacións:

- 7.1. Procedemento avaliación inicial. A Proba de exercicios sobre coñecementos básicos de Física e Química de 2º ESO realizarase a través da aula virtual.
- 7.2. Plans reforzo. Realizaranse a través da comunicación mediante a aula virtual, videoconferencia Webex e correo electrónico.
- 7.3. Procedemento de avaliación continua. Os exames escritos (cualificados ata un máximo 7 puntos) realizaranse a través da aula virtual, coa posibilidade, se existen problemas de conexión ou sospeita de accións fraudulentas durante a realización dos mesmos, de que o profesor realice exames individuais orais a través de videoconferencia.

Os demais instrumentos de avaliación (cualificados ata un máximo de 3 puntos) serán os seguintes: informes de simulacións de prácticas de laboratorio da rede C : (máximo 0,5 puntos), resolución de test e tarefas proposta na aula virtual de cada tema D: (máximo 1,5 puntos), traballo e interese amosado nas clases por videoconferencia e nos foros da aula virtual (1 punto).

- 7.4.- Procedemento de avaliación final. Consistirá nunha proba realizada a través da aula virtual, coas consideracións indicadas no apartado anterior.
- 7.5. Procedemento de avaliación extraordinaria. Consistirá tamén nunha proba realizada a través da aula virtual, coas consideracións sinaladas no apartado 7.3
- 7.6. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentos. As modificacións serán as seguintes:
 - Os alumnos realizarán a través da aula virtual os boletíns de exercicios e tarefas propostos polo profesor, que serán resoltos e cualificados polo mesmos. Os alumnos que entreguen estes traballos de xeito satisfactorio, sumaráselles 1 punto na nota de cada parte.
 - Os 2 exames de cada parte, así como o exame final realizarase a través da aula virtual, coas consideracións sinaladas nos apartados anteriores.

2.- Adaptacións en caso de docencia semipresencial.

Non se contemplan no noso centro, dado que este tipo de docencia non se imparte neste curso 20-21.



IES "Leiras Pulpeiro"
R/ Orquidea nº 45, 27004 Lugo
Tlfno: 982-203427 / Fax 982-203486
ies.leiras.pulpeiro@edu.xunta.es



Depto. Física e Química

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2020-2021

Materia:

- **Física e Química 3º ESO**

INDICE		Páxina
1	Obxectivos da ESO adaptados ao contexto do centro e alumnado	3
2	Obxectivos da materia de Física e Química de 3º ESO	4
3	Secuenciación e temporalización dos contidos de Física e Química 3º ESO	5
4	Desenvolvemento de competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe de cada unidade.	7
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	7
	Establecer para cada estándar:	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
5	Metodoloxía didáctica: concrecións metodolóxicas.	13
	6.1. Estratexias metodolóxicas	13
	6.2. Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, espazos.	14
6	Materiais e recursos didácticos	14
	6.1.- Materiais	14
	6.2.- Recursos didácticos	14
7	Avaliación	15
	7.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
	7.2. Plans de Reforzo.	15
	7.3. Procedemento para a avaliación continua	15
	7.4. Procedemento para a avaliación final	16
	7.5. Procedemento para a avaliación extraordinaria	17
	7.6. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes	17
8	Outras Avaliacións	18
	8.1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	18
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
	8.2. Avaliación da programación didáctica	19
Mecanismo de revisión		
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
9	Atención á diversidade	20
	Medidas ordinarias: Organizativas	20
	Medidas ordinarias: Curriculares	
	Medidas extraordinarias: Organizativas	
Medidas extraordinarias: Curriculares		
10	Actividades complementarias e extraescolares	21
11	Datos da materia	21
12	Relación coa Resolución do 27/07/2015 (DOG 29)	21
ANEXO		
1	Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles impartidas e non impartidas na materia de Física e Química 2º ESO durante o curso 2019/2020	22
2	Adaptacións en caso de docencia non presencial	24
	2.1. Proposta metodolóxica	24
	2.2.- Avaliación no caso de ensino non presencial	24
3	Adaptacións en caso de docencia semipresencial.	24

1.- Obxectivos da ESO (adaptados ao contexto do centro e do alumnado):

1	a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6	f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7	g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8	h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9	i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10	l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11	m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12	n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13	ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14	o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.- Obxectivos da materia de Física e Química de 3º ESO

1. Recoñecer e identificar as características da metodoloxía científica.
2. Dar valor á investigación científica e recoñecer o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.
3. Identificar os materiais e instrumentos básicos para utilizar nos laboratorios de Física e Química.
4. Coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do ambiente.
5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.
6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.
7. Recoñecer os modelos atómicos como instrumentos interpretativos das distintas teorías e ver a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.
8. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.
9. Coñecer a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.
10. Coñecer como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.
11. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.
12. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
13. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.
14. Describir no nivel molecular o proceso polo cal os reactivos se transforman en produtos en termos da teoría de colisións.
15. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio e/ou de simulacións por ordenador.
16. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.
17. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.
18. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.
19. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.
20. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo ao desenvolvemento tecnolóxico.
21. Comparar, analizar e deducir mediante experiencias as características dos imáns e das forzas magnéticas, así como a súa relación coa corrente eléctrica.
22. Recoñecer as distintas forzas que aparecen na natureza e os distintos fenómenos asociados a elas.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos Física e Química 3º ESO

Os contidos sinalados en cor ocre corresponden a contidos de Física e Química de 2º ESO que non foron impartidos no curso pasado e que se incorporan para ser impartidos en Física e Química 3º ESO.

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliación	1	B1	BLOQUE 1: A actividade científica	1	Set/ Out	8	x
		B1.1.	▪ Método científico: etapas.				
		B1.2.	▪ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.				
		B1.3.	▪ Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.				
		B1.4.	▪ Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica.				
		B1.5.	▪ Erros.				
		B1.6.	▪ Traballo no laboratorio.				
		B1.7.	▪ Procura e tratamento de información.				
		B1.8.	▪ Proxecto de investigación.				
		B2	BLOQUE 2 : A materia				
	4,5,6	B2.1.	▪ Estrutura atómica. Modelos atómicos.	4,5,6	Out/ Nov/ Dec	14	x
		B2.2.	▪ Isótopos.				
		B2.3.	▪ Aplicacións dos isótopos.				
		B2.4.	▪ Sistema periódico dos elementos.				
		B2.5.	▪ Unións entre átomos: moléculas e cristais.				
B2.6.		▪ Masas atómicas e moleculares.					
B2.7.		▪ Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.					
B2.8.		▪ Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos seguindo as normas IUPAC.					

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliación	7	B.3	BLOQUE 3 : Os cambios	7	Xan/ Feb	10	x
		B3.1.	▪ Cambios físicos e cambios químicos				
		B3.1.	▪ Reacción química.				
		B3.2.	▪ Cálculos estequiométricos sinxelos.				
		B3.3.	▪ Lei de conservación da masa.				
		B3.4.	▪ Velocidade de reacción.				
	7	B.4	BLOQUE 4 : O movemento e as forzas		Feb/ Mar	12	x
		B4.1.	▪ Forzas: efectos				
		B4.2.	▪ Medida das forzas				
		B4.3.	▪ Velocidade media				
		B4.4.	▪ Velocidade instantánea e aceleración				
		B4.6.	▪ O rozamento e os seus efectos				
		B4.7.	▪ Forza gravitatoria				
B4.8.		▪ Estrutura do Universo					
	B4.9.	▪ Forzas: efectos					

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro text	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3º Avaliación		B.4	Bloque 4. O movemento e as forzas				
	8,9	B4.1.	▪ Carga eléctrica	8,9	Abril/ Maio	8	x
		B4.2.	▪ Forza eléctrica				
		B5.3.	▪ Electricidade e circuítos eléctricos. Lei de Ohm.				
		B4.3.	▪ Imáns. Forza magnética.				
		B5.5.	▪ Dispositivos electrónicos de uso frecuente				
		B4.4.	▪ Electroimán				
		B4.5.	▪ Experimentos de Oersted e Faraday.				
		B4.6.	▪ Forzas da natureza				
		B.5	Bloque 5. Enerxía				
	10	B5.1.	▪ Enerxía: unidades.	10	Maio / Xuño	8	x
		B5.5.	▪ Enerxía térmica. Calor e temperatura				
		B5.6.	▪ Escalas de temperatura.				
		B5.1.	▪ Fontes de enerxía				
		B5.2.	▪ Uso racional da enerxía				
B5.4.		▪ Transformacións da enerxía.					
B5.6.		▪ Tipos de enerxía.					
	B5.7.	▪ Aspectos industriais da enerxía					

4.- Desenvolvemento de competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe de cada unidade

Os estándares de aprendizaxe sinalados en cor ocre corresponden con aqueles mínimos (grao consecución 100%) de Física e Química de 2º ESO que non foron impartidos no curso pasado e que se incorporan para ser impartidos neste.

1ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais								
Tema/ UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais						
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
BLOQUE 1: A actividade científica																					
1	B1.1	B1.1	FQB1.1.1	CAA, CMCCT	▪ FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	10				X		X			X						
	B1.2		FQB1.1.2	CCL, CMCCT	▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	50				X		X			X	X					
	B1.3.	B1.2	FQB1.2.1	CAA,CCEC,CMCCT	▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas cotiáns	10				X		X									
	B1.4.	FB1.3	FQB1.3.1	CMCCT	▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	100		X													
	B1.5		FQB1.3.2.	CAA, CMCCT	▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	60				X	X	X				X					
	B16																				
	B1.6	B1.4	FQB1.4.1	CMCCT	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	100				X		X				X					
	B1.7	B1.5	FQB1.5.1	CAA, CCL, CMCCT	▪ FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	10		X							X	X		X			
	B1.2		FQB1.5.2	CD, CSC	▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	10		X							X		X				
				FQB1.6.1	CAA, CCL, CD, CMCCT, CSIEE	▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	10					X	X		X	X		X			
B1.1	B1.6	FQB1.6.2	CSIEE, CSC	▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	20				X	X							X	X			

LEENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LEENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

* O peso na cualificación se especificará en cada proba que se presente ao alumnado.

1ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais							
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais					
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
BLOQUE 2: A materia:																				
4, 5, 6	B2.1	B2.1	FQB2.1.1.	CCEC, CMCCT	▪ FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	100		X								X				
			FQB2.1.2	CMCCT	▪ FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	100		X									X			
			FQB2.1.3	CMCCT	▪ FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	100		X												
	B2.2	B2.2	FQB2.2.1.	CMCCT, CSC	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión	60				X	X	X			X					
	B2.3																			
	B2.4	B2.3	FQB2.3.1	CMCCT	▪ FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	100			X						X					
			FQB2.3.2	CMCCT	▪ FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	50		X		X							X			
	B2.5	B2.4.	FQB2.4.1	CMCCT	▪ FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.	100											X			
B2.6	FQB2.4.2		CMCCT	▪ FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares .	100		X			X							X			
B2.7	B2.5	FQB2.5.1	CMCCT	▪ FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.	100					X	X							X		
		FQB2.5.2	CAA, CCL, CD CMCCT, CSIEE	▪ FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.	50					X							X	X		
B2.8	B2.6	FQB2.6.1	CCL, CMCCT	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos inorgánicos seguindo as normas IUPAC	100		X									X				

LENGUA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística
CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD Competencia dixital
CAA Competencia aprender a aprender
CSC Competencias sociais e cívicas
CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC Conciencia e expresións culturais

LENGUA TRANSVERSAIS

CL Comprensión lectora
EOE Expresión oral e escrita
CA Comunicación audiovisual
TIC Tecnoloxías da información e comunicación
EMP Emprendemento
EC Educación cívica
PV Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,..

* O peso na cualificación se especificará en cada proba que se presente ao alumnado.

2ª AVAI.		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais						
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais					
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP
BLOQUE 3: Os cambios																			
7		B.3.2			FQB3.2.1 Identifica os reactivos e os produtos da reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.														
	B3.1.	B3.1.	FQB3.1.1	CMCCT	▪ FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	60		X								X			
	B3.2.	B3.2.	FQB3.2.1	CMCCT	▪ FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.	100		X						X	X				
	B3.3		FQB3.2.2	CMCCT	▪ FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.	100		X							X		X		
	B3.4.	B3.3	FQB3.3.1	CMCCT	▪ FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción química, e xustifica este efecto en termos da teoría de colisións.	50				X	X	X					X		
			FQB3.3.2	CMCCT	▪ FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúe significativamente na velocidade da reacción.	50												X	
	B3.5.	B3.4.	FQB3.4.1.	CMCCT CSC	▪ FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	50					X							X	
		FQB3.4.2.	CMCCT CSC	▪ FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.	50				X		X					X	X	X	

LENDA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística
CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD Competencia dixital
CAA Competencia aprender a aprender
CSC Competencias sociais e cívicas
CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC Conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS

CL Comprensión lectora
EOE Expresión oral e escrita
CA Comunicación audiovisual
TIC Tecnoloxías da información e comunicación
EMP Emprendemento
EC Educación cívica
PV Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

* O peso na cualificación se especificará en cada proba que se presente ao alumnado

2ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Temas transversais					
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais					
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP
Bloque 4. O movemento e as forzas																			
	B4.1	B4.1	FQB4.1.1	CMCCT	▪ FQB.4.1.1 En situacións de vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado do movemento do corpo	100		X		X		X			X	X		X	
			FQB4.1.2	CMCCT, CSIEE	▪ FQB. 4.1.2 Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado do movemento dun corpo	100		X		X		X			X	X			
	B4.2	B4.2.	FQB4.2.1.	CMCCT	▪ FQB.4.2.1 Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental	100		X		X	X	X			X	X	X		
			FQB.4.3.2	CMCCT	▪ FQB.4.3.2.Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	100		X		X		X			X	X			
	B 4.4.	B4.4	FQB.4.4.1	CMCCT	▪ FQB.4.4.1 Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo	100		X		X		X			X	X		X	
			FQB.4.4.2	CMCCT	▪ FQB.4.4.2 Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo	100		X		X		X			X	X		X	
	B.4.6.	B.4.6.	FQB.4.6.1	CMCCT	▪ FQB.4.6.1.Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos	100		X		X		X			X		X		X
	B.4.7	B.4.7	FQB.4.7.1	CMCCT	▪ FQB.4.7.1 Relaciona cualitativamente a forza da gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e as distancias que as separa	100		X		X		X			X	X			
			FQB.4.7.2	CMCCT	▪ FQB.4.7.2.Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes	100		X		X		X			X	X			
			FQB.4.7.3	CMCCT	▪ FQB.4.7.3 Recoñece que a forza da gravidade mantén os planetas xirando arredor do sol e a lúa arredor do noso planeta e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva a colisión dos dous corpos.	100		X		X		X			X	X			

3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais							
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais						
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
Bloque 4. O movemento e as forzas																				
8, 9	B4.1	B4.1.	FQB4.1.1	CMCCT	▪ FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.	100		X							X					
	B4.2		FQB4.1.2.	CCEC, CMCCT	▪ FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.	100				X								X		
	B4.1	B4.2	FQB4.2.1.	CMCCT	FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática	50				X	X	X								
	B5.3.	B5.3.	FQB5.3.1	CMCCT	▪ FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	50		X		X						X				
			FQB5.3.2	CMCCT	FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relaciónas entre si empregando a lei de Ohm.	50		X		X					X	X				
			FQB5.3.3	CMCCT	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	100		X		X						X				
	B5.4	B5.4	FQB5.4.1.	CMCCT	▪ FQB5.4.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais.	50					X	X			X	X		X		
			FQB5.4.2	CAA, CMCCT	▪ FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.	50						X	X							
	B.5.3		FQB5.4.3	CMCCT	▪ FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.	80		X								X		X		
			FQB5.4.4	CD, CMCCT	▪ FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.	60							X						X	
	B5.3		FQB5.5.1	CMCCT	▪ FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuito eléctrico.	50						X						X	X	X
			FQB5.5.2	CMCCT	▪ FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.	50				X						X	X			
	B5.5	B5.5	FQB5.5.3	CMCCT	▪ FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.	50				X		X						X		
			FQB5.5.4	CMCCT	▪ FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.	40				X									X	
	B4.3	B4.3	FQB4.3.1	CMCCT	▪ FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.	50						X	X					X		
			FQB4.3.2	CMCCT, CSIEE	▪ FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.	50														X
	B4.4	B4.4	FQB4.4.1.	CMCCT	▪ FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán.	50					X	X						X		
	B4.5		FQB4.4.2.	CD, CMCCT	▪ FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.	50				X	X	X				X				
B4.6	B4.5	FQB4.5.1	CCL, CD CMCCT, CSIEE	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	50				X		X						X			

3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Temas transversais							
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais						
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
Bloque 5. Enerxía																					
10			FQB5.1.2	CCL, CMCCT	▪ FQB.5.1.2. Recoñece e define a enerxía coma unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do S.I.	100		X		X		X					X				
	B.5.5	B.5.5	FQB.5.5.1.	CMCCT	▪ FQB5.5.1 Explica o concepto de temperatura en termos de modelo cinético-molecular e diferenza entre temperatura enerxía e calor.	100		X		X		X		X	X	X					
	B.5.6.	B.5.6.	FQB.5.6.1.	CMCCT	▪ FQB.5.6.1. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperaturas e relaciona as escalas Celsius e Kelvin	100		X		X		X		X	X						
			FQB.5.8.2	CMCCT	▪ FQB.5.8.2.Explica a escala Celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	100		X		X		X		X	X						
	B5.1	B5.1	FQB5.1.1	CMCCT, CSC	▪ FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.	50				X				X	X		X	X	X		
			FQB5.1.2	CCL, CMCCT	▪ FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.	100				X					X		X		X		
	B5.2.	B5.2.	FQB5.2.1.	CMCCT CSIEE	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuir ao aforro individual e colectivo.	50				X		X				X		X			
	B5.6. B5.4 B5.7	B5.6	FQB5.6.1	CMCCT	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	80				X		X			X			X	X		

LENDAS DE COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDAS DE TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

* O peso na cualificación se especificará en cada proba que se presente ao alumnado

5.- Concrecións metodolóxicas

5.1.- Estratexias metodolóxicas

1. Aspectos xerais

Estableceranse nos plans de reforzo, obtidos a partires dos resultados da avaliación inicial e dos informes individualizados do curso 2019/2020, as medidas metodolóxicas que favorezan o desenvolvemento de todo o alumnado:

- Tarefas globalizadas, poñendo en prácticas as competencias básicas.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Actividades de autoaprendizaxe.
- Uso das TIC como recurso didáctico.
- Pensamento crítico e creativo.
- Investigación como proxectos de traballo.
- Etc.

Outros aspectos a considerar:

- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas. Realizarase na medida do posible, tendo en conta as limitacións de distancia de seguridade e a imposibilidade de compartir material de laboratorio, como consecuencia do Covid-19.
 - Combinar traballo individual e cooperativo.
 - Aprendizaxe por prácticas de laboratorio realizadas polo profesor, ou feitas por eles mediante o uso de simulacións na aula virtual.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Papel facilitador do profesor/a

2. Estratexias metodolóxicas

Posibles estratexias:

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos
- Análise de documentos, gráficos e táboas de datos
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)
- Simulacións

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación:

- Presentación actividade.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Elaboración de gráficas, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Probas escritas.
- Realización de tarefas, informes e proxectos a través da aula virtual.
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

5.2.- Outras decisión metodolóxicas

1.- Agrupamentos

Non se realizan agrupamentos de alumnos nas prácticas de laboratorio por mor da COVID, aínda que si se poidan facer para a realización de proxectos ou actividades conxuntas virtuais.

2. Espazos

Aula de clase e aula virtual de xeito complementario

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

6.1. Materiais

- Instrumentos e utensilios de laboratorio de Física e Química para uso do profesor

6.2. Recursos didácticos

- Temas elaborados polo profesor, boletíns de exercicios e guións de prácticas de laboratorio ou de simulacións.
- Aula virtual
- Bibliografía de apoio: libros de formulación e libros de Física e Química de 3º ESO

7.- AVALIACIÓN ENSINO PRESENCIAL

Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

Supoñendo que a modalidade de ensino presencial se mantén durante o curso 20-21, a avaliación realizarase do seguinte xeito:

7.1.- Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará? Mes de setembro

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares? Proba de exercicios sobre coñecementos básicos de Física e Química de 3º ESO

Como se informará á familia? A través do titor.

7.2.- Plans de reforzo.

A partir dos informes individualizados realizados á finalización do curso 2019/2020 e dos resultados da proba de avaliación inicial o profesor elaborará plans de reforzo e recuperación, coa colaboración do departamento de orientación, co fin de que o alumno recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020. Estes plans de reforzo desenvolveranse mediante axustes curriculares para cada alumno e realizaranse ao longo do curso académico.

7.3. Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cuántas por avaliación? Dúas probas por avaliación.

¿ Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo, ...

A cualificación do alumnado basearase nos seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- A. Exames escritos (máximo 8 puntos): dous en cada avaliación, que constarán, de problemas e de cuestións relacionadas coa teoría ou coas prácticas de laboratorio realizadas. O segundo exame contribuirá nun 60% xa que conterá todos os contidos da avaliación, mentres que o 1º exame contribúe nun 40% . A media ponderada destes dous exames nos da a nota deste apartado A. Para poder aprobar a avaliación, é necesario acadar en cada exame unha nota mínima de 3 puntos.

B2.9	B2.15	QUB2.15.1	▪ CMCCT	▪ QUB2.15.1. Compara a enerxía dos enlaces intramoleculares en relación coa enerxía correspondente ás forzas intermoleculares, xustificando o comportamento fisicoquímico das moléculas.	100		X		x						X		X				

2ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais								
2ª Avaliación	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais						
	Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup				Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV				
Bloque 3. Reaccións químicas																					
B3.1 B3.2	B3.1	QUB3.1.1.	▪ CMCCT	▪ QUB3.1.1. Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen.	100		X		X						X						
B3.3 B3.4	B3.2	QUB3.2.1	▪ CMCC	▪ QUB3.2.1. Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción.	100		X		X						X		X				
		QUB3.2.2	▪ CMCC, CSC	▪ QUB3.2.2. Explica o funcionamento dos catalizadores en relación con procesos industriais e a catálise enzimática, analizando a súa repercusión no medio e na saúde.	100		x		X						X	X					
B3.5	B3.3	QUB3.3.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.3.1. Deduce o proceso de control da velocidade dunha reacción química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo de reacción.	80				X						X	X					
B3.6 B3.7	B3.4.	QUB3.4.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.4.1. Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio, prevendo a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio.	100		x		X					X	X						
		QUB3.4.2	▪ CAA, CMCCT	▪ QUB3.4.2. Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, en equilibrios homoxéneos e heteroxéneos.	80				x	X				X	X		X				
B3.7	B3.5.	QUB3.5.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.5.1. Acha o valor das constantes de equilibrio, Kc e Kp, para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.	100		X		X						X	X					
		QUB3.5.2	▪ CMCCT	▪ QUB3.5.2. Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo.	100		X		X					X	X						
B3.8	B3.6	QUB3.6.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.6.1. Utiliza o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracións e constantes de equilibrio Kc e Kp.	100		X		X					X	X						
B3.9.	B3.7	QUB3.7.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.7.1. Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplica experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos.	100		X		X					X	X						
B3.10	B3.8	QUB3.8.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.8.1. Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco.	100		X		X					X	X	X	X				
B3.3 B3.4 B3.10 B3.11	B3.9	QUB3.9.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.9.1. Analiza os factores cinéticos e termodinámicos que inflúen nas velocidades de reacción e na evolución dos equilibrios para optimizar a obtención de compostos de interese industrial, como por exemplo o amoníaco.	100		x		X						X		X				
B3.9 B3.10.	B3.10.	QUB3.10.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.10.1. Calcula a solubilidade dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común, e verifica experimentalmente nalgúns casos concretos.	100		X		X					X	X						
B3.12 B3.13	B3.11	QUB3.11.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.11.1. Xustifica o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando a teoría de Brönsted-Lowry dos pares de ácido-base conxugados.	100		X		X						X		X				
B3.14 B3.15 B3.16 B3.17	B3.12	QUB3.12.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.12.1. Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas, e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas.	100		X		X						X		X				
B3.18 B3.19	B3.13	QUB3.13.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.13.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios.	100		X			X	X				X	X					
B3.20	B3.14	QUB3.14.1	▪ CAA, CMCCT	▪ QUB3.14.1. Predí o comportamento ácido-base dun sal disolvido en auga aplicando o concepto de hidrólise, e escribir os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar.	100		x		X						X	X					
B3.19	B3.15	QUB3.15.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.15.1. Determina a concentración dun ácido ou unha base valorándoa con outra de concentración coñecida, establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base (faino no laboratorio no caso de ácidos e bases fortes).	100		X			X	X				X		X				

B3.21	B3.16	QUB3.16.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.16.1. Recoñece a acción dalgúns produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base.	100		x		X					X	X	X	X				
B3.22 B3.23	B3.17	QUB3.17.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.17.1. Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e redutoras.	100		X		X					X	X						
B3.24	B3.18	QUB3.18.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.18.1. Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.	100		X		X					X	X						
B3.25	B3.19	QUB3.19.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.19.1. Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida.	100		X		X						X						
		QUB3.19.2	▪ CMCCT	▪ QUB3.19.2. Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell.	100		X			X	X					X	X				
		QUB3.19.3	▪ CMCCT	▪ QUB3.19.3. Analiza un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.	100		x			X					X	X					
B3.26	B3.20	QUB3.20.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.20.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.	100		X			X	X				X	X					
B3.27	B3.21	QUB3.21.1	▪ CMCCT	▪ QUB3.21.1. Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo, e compróbo experimentalmente nalgún proceso dado.	80		X			X	X				X			X			
B3.28	B3.22	QUB3.22.1	▪ CMCCT, CSC	▪ QUB3.22.1. Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais.	100		x		X					X	X			X			
		QUB3.22.2	▪ CMCCT	▪ QUB3.22.2. Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.	100		x			X						X	X		X		

3ª Aval			Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1)		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Temas transversais								
3ª Avaliación	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais						
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
Bloque 4. Síntese orgánica e novos materiais																					
B4.1	B4.1	QUB4.1.1	▪ CMCCT	▪ QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.	100		X		X					X	X						
B4.2	B4.2	QUB4.2.1	▪ CMCCT	▪ QUB4.2.1. Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.	100		X		X					X	X						
B4.3	B4.3	QUB4.3.1	▪ CMCCT	▪ QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.	100		X		X					X	X						
B4.4	B4.4	QUB4.4.1	▪ CMCCT	▪ QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.	100		X		X					X	X		X				
B4.5	B4.5	QUB4.5.1	▪ CMCCT	▪ QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.	80				X					X	X						
B4.6	B4.6	QUB4.6.1	▪ CMCC, CSC	▪ QUB4.6.1. Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.	100		X		X						X	X	X				
B4.7	B4.7	QUB4.7.1	▪ CMCCT	▪ QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.	80				X						X	X	X				
B4.8	B4.8	QUB4.8.1	▪ CMCCT	▪ QUB4.8.1. A partir dun monómero, deseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.	100		X		X						X		X				
B4.10	B4.9	QUB4.9.1	▪ CMCCT	▪ QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.	80				X						X	X	X				
B4.7	B4.10	QUB4.10.1	▪ CMCT, CSC	▪ QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.	80				X						X	X	X				
B4.12	B4.11	QUB4.11.1	▪ CMCCT, CSC	▪ QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.	80				X						X	X	X				
B4.6	B4.12	QUB4.12.1	▪ CCEC, CMCCT CSC	▪ QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.	100		x		X					X	X	X	X				

5.- Concrecións metodolóxicas

5.1.- Estratexias metodolóxicas

1. Aspectos xerais

Estableceranse nos plans de reforzo, obtidos a partires dos resultados da avaliación inicial e dos informes individualizados do curso 2019/2020, as medidas metodolóxicas que favorezan o desenvolvemento de todo o alumnado:

- Tarefas globalizadas, poñendo en prácticas as competencias básicas.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Actividades de autoaprendizaxe.
- Uso das TIC como recurso didáctico.
- Pensamento crítico e creativo.
- Investigación como proxectos de traballo.
- Etc.

Outros aspectos a considerar:

- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas. Realizarase na medida do posible, tendo en conta as limitacións de distancia de seguridade e a imposibilidade de compartir material de laboratorio, como consecuencia do Covid-19.
 - Combinar traballo individual e cooperativo.
 - Aprendizaxe por prácticas de laboratorio realizadas polo profesor, ou feitas por eles mediante o uso de simulacións na aula virtual.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Papel facilitador do profesor/a

2. Estratexias metodolóxicas

Posibles estratexias:

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos
- Análise de documentos, gráficos e táboas de datos
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)
- Simulacións

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación:

- Presentación actividade.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Elaboración de gráficos, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

-
Avaliación:

- Probas escritas.
- Realización de tarefas, informes e proxectos a través da aula virtual.
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

5.2.- Outras decisión metodolóxicas

1.- Agrupamentos

Non se realizan agrupamentos de alumnos nas prácticas de laboratorio por mor da COVID, aínda que si se poidan facer para a realización de proxectos ou actividades conxuntas virtuais.

2 Espazos

Aula de clase e aula virtual de xeito complementario

3.- Practicas laboratorio.

Dado que, de principio as prácticas de laboratorio son obxecto de avaliación nas ABAU, polo tanto realizaránse no laboratorio de xeito individual, tratando de cumprir coas normas COVID, en canto a separación de espazos e evitar compartición de material.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

6.1. Materiais

- Instrumentos e utensilios de laboratorio de Química.
- Temas preparados polo profesor.

6.2. Recursos didácticos

- Aula virtual
- Bibliografía de apoio: Non se propón libro de texto da materia, pero como libros de apoio: libros de formulación de Química Inorgánica e Orgánica (Oxford Educación) e Química de 2º BAC: autora Manuela Dominguez Real, Baía Edicións; ISBN: 978-84-9995-196-6.
- Formulación e nomenclatura Química Inorgánica. Oxford Educación. ISBN: 84-673-0957-1.
- Formulación e nomenclatura Química Orgánica. Oxford Educación. ISBN: 84-673-1447-8

7.- AVALIACIÓN

Inicial, continua, final, extraordinaria.

7.1. Procedementos de avaliación inicial

Tendo en conta que hai alumnos procedentes de distintos centros, con diferentes niveis de partida, faise un seguimento dos mesmos e apoio educativo no horario de lecer, ata que acaden o nivel medio do grupo.

7.2.- Plans de reforzo.

Estes plans de reforzo, teñen o obxectivo de que o alumno recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020. Estes plans de reforzo desenvolveranse mediante axustes curriculares para cada alumno e realizaranse ao longo do curso académico.

7.3. Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cuántas por avaliación)?
Dúas probas por avaliación, de xeito xeral.

¿ Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación.
Ponderación, redondeo, ... Como se fai a media en cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

A cualificación do alumnado basearase nos seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

1.- Exames escritos: dous en cada avaliación, que constarán, de problemas e de cuestións relacionadas coa teoría ou coas prácticas de laboratorio realizadas. O segundo exame pode ter algunha pregunta dos contidos do primeiro exame (é acumulativo)

Se o alumno é descuberto copiando por calquera medio, terá automaticamente un 0 no exame.

Primeiramente farase a nota media ponderada das notas dos exames (A) : O primeiro exame contribuirá nun 40% e o segundo exame contribuirá nun 60% xa que conterà todos os contidos da avaliación:
Nota $A = 0,4 EX1 + 0,6 EX2$

Se a media ponderada é superior a 5, pero algún dos exames non chega a 3, considerarase a avaliación suspensa cun 4.

2.- Outros instrumentos de avaliación: informes de prácticas de laboratorio, tarefas de clase, interese pola materia, actitude, participación e traballo en clase. Puntuarán como máximo 0,5 puntos, repartidos do seguinte xeito:

- Informes prácticas de laboratorio (B): $\pm 0,2$ puntos.
- Tarefas propostas (C): $\pm 0,2$ puntos.
- Actitude e interese pola materia: (D) : $\pm 0,1$ puntos.

Aquel alumno/a que empregue métodos ilícitos na realización das actividades indicadas nos apartados B e C, obterá unha cualificación mínima nas mesmas.

A nota resultante da avaliación (R) será a suma da nota media ponderada dos exames máis a nota dos restantes instrumentos de avaliación.: $R = A + B + C + D$

Suprímese a aplicación da regra de redondeo para o aprobado, de xeito que será necesario obter unha nota mínima de 5 puntos.

Como se recupera unha proba non superada ?

Salvo casos excepcionais, non se recupera un exame escrito, senón que se fai globalmente da avaliación suspensa.

Como se recupera unha avaliación non superada?

- Cada avaliación terá a súa correspondente recuperación, que terá lugar sempre despois de obter a cualificación da avaliación.
- Non se recuperan exames individuais, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas.
- A recuperación da 3ª avaliación será o mesmo día da avaliación final.
- A nota final desa avaliación E, será unha ponderación do 80% do exame de recuperación e 20% da nota da avaliación suspensa. Se o exame de recuperación está aprobado, a nota mínima será de 5: $E = 0,8 \cdot REC + 0,2 \cdot R$

Como se pode subir nota dunha avaliación?

O alumno terá dereito a presentarse **unha única vez** a subir noa, e coincidirá coa data da avaliación final en maio

7.4.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

Aqueles alumnos que teñan a 1ª e/ou 2ª avaliacións suspensas, unha vez realizadas as recuperacións respectivas, e terá lugar xunto coa recuperación da 3ª avaliación.

En que consistirá a proba ?

Nunha proba escrita da avaliación ou avaliacións suspensas.

Cómo se cualifican as probas da avaliación final ?

No caso de que a proba escrita da avaliación suspensa G teña unha nota superior a 5 puntos, a nota final da avaliación H será un 70% da nota G, aínda que H será como mínimo de 5 puntos:

- Se G é menor a 5 puntos : nota avaliación H = G.
- Se G é maior ou igual a 5 puntos : nota avaliación H = 0,7 . G, coa condición de que H debe ser como mínimo 5 pts.
- En caso de presentarse a subir nota, a nota final da avaliación H, será unha ponderación do 80% o exame de subir nota SN e 20% a nota orixinal da avaliación R: $H = 0,8 \cdot SN + 0,2 \cdot R$.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeo, etc?

A nota final da materia será a media aritmética das notas das tres avaliacións ou das súas recuperacións/subir nota respectivas.

Suprímese a aplicación da regra de redondeo para o aprobado, de xeito que será necesario obter unha nota mínima de 5 puntos.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Segundo a normativa da LOMCE

7.5.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

A proba extraordinaria de setembro, versará sobre a totalidade da materia, e constará dunha serie de exercicios sobre os estándares de aprendizaxes propostos na programación, segundo o modelo das ABAU.

Como se cualifica, redondeos, etc?

Suprímese a aplicación da regra de redondeo para o aprobado, de xeito que será necesario obter unha nota mínima de 5 puntos

8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

8.1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?				

8.2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará : Anualmente a final de curso

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Reorganízase os apartados da programación para o seguinte curso

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
NON HAI NINGUNHA	Os membros o departamento están sempre pendentes daqueles alumnos que necesiten unha atención especial, durante o horario de lecer ou outro que teña o alumno dispoñible.

10. Actividades complementarias e extraescolares

Non hai prevista ningunha actividade extraescolar para este curso tendo en conta as restriccións de visitas como consecuencia da pandemia . En caso de levantarse as restriccións plantexaríase algunha actividade complementaria e/ou extraescolar a determinar.

11. Datos Materia

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
QUÍMICA	2º BAC	1	José Manuel Traseira Meilán

12. Relación coa resolución

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Folla
a	Introdución e contextualización	
b	Contribución ás competencias básicas	
c	Concreción dos obxectivos para curso	
d	Concreción para cada estándar	
	1º.- Temporalización	
	2º.- Grao mínimo de consecución	
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	
e	Concrecións metodolóxicas	
f	Materiais e recursos didácticos	
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	
k	Avaliación inicial e medidas	
l	Medidas de atención á diversidade	
m	Concreción de elementos transversais	
n	Actividades complementarias e extraescolares	
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	

Anexo

Materia: Química 2º BAC

1.- Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles impartidas e non impartidas na materia de Física e Química 1º BAC durante o curso 2019/2020.

Os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles foron recollidas na programación final adaptada da materia de Física e Química 1º BAC do curso 2019/2020 e que se indican a continuación:

NOTAS:

- Os códigos dos criterios de avaliación, correspóndense cos especificados no Decreto do 25 xuño de 2015, que establece o currículo da ESO e BAC en Galicia.
- Os estándares de aprendizaxe sinalados en verde corresponde os impartidos de xeito presencial ata o 13 marzo.
- Os estándares de aprendizaxe sinalados en vermello poderán ser impartidos de forma telemática no 3º trimestre, aínda que serán obxecto de plans de recuperación e adaptación do currículo para o comezo do curso 2020-21. Como se observa nas táboas, estes estándares de aprendizaxe corresponden a contidos de Física, polo que non afectan a materia de Química de 2º BAC, cuxos estándares de aprendizaxe corresponden a contidos de Química que foron impartidos presencialmente no curso 2019-20.

Criterio avaliación	Estándares de aprendizaxe
	1ª AVALIACIÓN
	BLOQUE 1: A ACTIVIDADE CIENTIFICA
B1.1	FQB1.1.2. Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados. FQB1.1.6. A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada.
B2.2	FQB1.2.2. Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema de actualidade científica, vinculado coa física ou a química, utilizando preferentemente as TIC.
	BLOQUE 2: ASPECTOS CUANTITATIVOS DA QUÍMICA
B2.1.	FQB2.1.1. Xustifica a teoría atómica de Dalton e a descontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química, e exemplifícao con reaccións. a) Aplica o concepto de mol para expresar a equivalencia entre masa, nº de moléculas e átomos. b) Formula e nomea, nos distintos tipos de nomenclatura IUPAC, os compostos inorgánicos.
B2.6. B.2.7,	FQB2.6.1. Calcula a masa atómica dun elemento a partir dos datos espectrométricos obtidos para os diferentes isótopos deste.
B2.2	FQB2.2.1. Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.
B2.3	FQB2.3.1. Determina presións totais e parciais dos gases dunha mestura, relacionando a presión total dun sistema coa fracción molar e a ecuación de estado dos gases ideais.

	FQB2.3.2. Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.
B2.4	FQB2.4.1. Expresa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para o caso de solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.
B2.5	FQB2.5.1. Experimenta e interpreta a variación das temperaturas de fusión e ebulición dun líquido ao que se lle engade un soluto, relacionándoo con algún proceso de interese no contorno.
	FQB2.5.2. Utiliza o concepto de presión osmótica para describir o paso de ións a través dunha membrana semipermeable.

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	2ª AVALIACION
	BLOQUE 3. REACCIÓN QUÍMICAS
B3.1 B.3.2.	FQB3.1.1. Escribe e axusta e realiza ecuacións químicas sinxelas de distinto tipo (neutralización, oxidación, síntese) e de interese bioquímico ou industrial.
	FQB3.2.1. Interpreta unha ecuación química en termos de cantidade de materia, masa, número de partículas ou volume, para realizar cálculos estequiométricos nela.
	FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos aplicando a lei de conservación da masa a distintas reaccións.
	FQB3.2.3. Efectúa cálculos estequiométricos nos que interveñan compostos en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro.
	FQB3.2.4. Aplica o rendemento dunha reacción na realización de cálculos estequiométricos.
	BLOQUE 4: TRANSFORMACIÓNS ENERXÉTICAS E ESPONTANEIDADE DAS REACCIÓN QUÍMICAS
B4.1	FQB4.1.1. Relaciona a variación da enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso.
B4.3	FQB4.3.1. Expresa as reaccións mediante ecuacións termoquímicas debuxando e interpretando os diagramas entálpicos asociados.
B4.4	FQB4.4.1. Calcula a variación de entalpía dunha reacción aplicando a lei de Hess, coñecendo as entalpías de formación ou as enerxías de ligazón asociadas a unha transformación química dada, e interpreta o seu signo.
B4.5	FQB4.5.1. Predí a variación de entropía nunha reacción química dependendo da molecularidade e do estado dos compostos que interveñen.
B4.6	FQB4.6.1. Identifica a enerxía de Gibbs coa magnitude que informa sobre a espontaneidade dunha reacción química.
	FQB4.6.2. Xustifica a espontaneidade dunha reacción química en función dos factores entálpicos, antrópicos e da temperatura.
	BLOQUE 5. QUÍMICA DO CARBONO
B5.1	FQB5.1.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC hidrocarburos de cadea aberta e pechada, e derivados aromáticos.
B5.2	FQB5.2.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC compostos orgánicos sinxelos cunha función osixenada ou nitroxenada.
B5.3	FQB5.3.1. Representa os isómeros dun composto orgánico.

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
2ª AVALIACION	
BLOQUE 6. CINEMÁTICA	
B6.2.	FQB6.2.1. Describe o movement dun corpo a partir dos seus vectores de posición, velocidade e aceleración nun sistema de referencia dado.
B6.3	<p>FQB6.3.1. Obtén as ecuacións que describen a velocidade e a aceleración dun corpo a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.</p> <p>FQB6.3.2. Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións (movement dun corpo nun plano) aplicando as ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme (MRU) e movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).</p> <p>FQB6.3.3. Realiza e describe experiencias que permitan analizar os movementos rectilíneo ou circular, e determina as magnitudes involucradas.</p>
B6.4	FQB6.4.1. Interpreta as gráficas que relacionan as variables implicadas nos movementos MRU, MRUA e circular uniforme (MCU) aplicando as ecuacións adecuadas para obter os valores do espazo percorrido, a velocidade e a aceleración.
B6.5	FQB6.5.1. Formulado un suposto, identifica o tipo ou os tipos de movementos implicados, e aplica as ecuacións da cinemática para realizar predicións acerca da posición e a velocidade do móbil.
B6.6	FQB6.6.1. Identifica as compoñentes intrínsecas da aceleración en casos prácticos e aplica as ecuacións que permiten determinar o seu valor.
B6.7	FQB6.7.1. Relaciona as magnitudes lineais e angulares para un móbil que describe unha traxectoria circular, establecendo as ecuacións correspondentes.
B6.8	FQB6.8.1. Recoñece movementos compostos, establece as ecuacións que os describen, e calcula o valor de magnitudes tales como alcance e altura máxima, así como valores instantáneos de posición, velocidade e aceleración.
	FQB6.8.2. Resolve problemas relativos á composición de movementos descompoñéndooos en dous movementos rectilíneos.
	FQB6.8.3. Emprega simulacións virtuais interactivas para resolver supostos prácticos reais, determinando condicións iniciais, traxectorias e puntos de encontro dos corpos implicados.

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	3ª AVALIACION
	BLOQUE 7. DINÁMICA
B.7.1	FQB7.1.1. Representa todas as forzas que actúan sobre un corpo, obtendo a resultante e extraendo consecuencias sobre o seu estado de movemento. FQB7.1.2. Debuxa o diagrama de forzas dun corpo situado no interior dun ascensor en diferentes situacións de movemento, calculando a súa aceleración a partir das leis da dinámica.
B.7.2	FQB7.2.2. Resolve supostos nos que aparezan forzas de rozamento en planos horizontais ou inclinados, aplicando as leis de Newton. FQB7.2.3. Relaciona o movemento de varios corpos unidos mediante cordas tensas e poleas coas forzas que actúan sobre cada corpo.
B.6.9	FQB6.9.2. Interpreta o significado físico dos parámetros que aparecen na ecuación do movemento harmónico simple. FQB6.9.3. Predí a posición dun oscilador harmónico simple coñecendo a amplitude, a frecuencia, o período e a fase inicial. FQB6.9.4. Obtén a posición, velocidade e aceleración nun movemento harmónico simple aplicando as ecuacións que o describen. FQB6.9.5. Analiza o comportamento da velocidade e da aceleración dun movemento harmónico simple en función da elongación. FQB6.9.6. Representa graficamente a posición, a velocidade e a aceleración do movemento harmónico simple (MHS) en función do tempo, comprobando a súa periodicidade.
B.7.3.	FQB7.3.1. Determina experimentalmente a constante elástica dun resorte aplicando a lei de Hooke e calcula a frecuencia coa que oscila unha masa coñecida unida a un extremo do citado resorte FQB7.3.2. Demostra que a aceleración dun movemento harmónico simple (MHS) é proporcional ao desprazamento empregando a ecuación fundamental da dinámica. FQB7.3.3. Estima o valor da gravidade facendo un estudo do movemento do péndulo simple.
B.7.4	FQB7.4.1. Establece a relación entre impulso mecánico e momento lineal aplicando a segunda lei de Newton. FQB7.4.2. Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.
B.7.5	FQB7.5.1. Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares.
B.7.6	FQB7.6.1. Comproba as leis de Kepler a partir de táboas de datos astronómicos correspondentes ao movemento dalgúns planetas. FQB7.6.2. Describe o movemento orbital dos planetas do Sistema Solar aplicando as leis de Kepler e extrae conclusións acerca do período orbital destes.
B.7.7	FQB7.7.1. Aplica a lei de conservación do momento angular ao movemento elíptico dos planetas, relacionando valores do raio orbital e da velocidade en diferentes puntos da órbita. FQB7.7.2. Utiliza a lei fundamental da dinámica para explicar o movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias, relacionando o raio e a velocidade orbital coa masa do corpo central.
B.7.8	FQB7.8.1. Expresa a forza da atracción gravitatoria entre dous corpos calquera, coñecidas as variables das que depende, establecendo como inciden os cambios nestas sobre aquela. FQB7.8.2. Compara o valor da atracción gravitatoria da Terra sobre un corpo na súa superficie coa acción de corpos afastados sobre o mesmo corpo.
B.7.9	FQB7.9.1. Compara a lei de Newton da gravitación universal e a de Coulomb, e establece diferenzas e semellanzas entre elas. FQB7.9.2. Acha a forza neta que un conxunto de cargas exerce sobre unha carga problema utilizando a lei de Coulomb.
B.7.10	FQB7.10.1. Determina as forzas electrostática e gravitatoria entre dúas partículas de carga e masa coñecidas e compara os valores obtidos, extrapolando conclusións ao caso dos electróns e o núcleo dun átomo.

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	3ª AVALIACION
	BLOQUE 8. ENERXÍA
B.8.1	FQB8.1.1. Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial. FQB8.1.2. Relaciona o traballo que realiza unha forza sobre un corpo coa variación da súa enerxía cinética, e determina algunha das magnitudes implicadas.
B.8.2	FQB8.2.1. Clasifica en conservativas e non conservativas, as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións enerxéticas que se producen e a súa relación co traballo. FQB8.3.1. Estima a enerxía almacenada nun resorte en función da elongación, coñecida a súa constante elástica.
B.8.3	FQB8.3.2. Calcula as enerxías cinética, potencial e mecánica dun oscilador harmónico aplicando o principio de conservación da enerxía e realiza a representación gráfica correspondente.

2.- Adaptacións en caso de docencia non presencial:

2.1. Proposta metodolóxica.

Basearase no uso exclusivo da aula virtual e videoconferencia Webex, como medios de comunicación entre o profesor e o alumno, complementado co correo electrónico. Realizaráanse as seguintes accións:

- Realízase no horario lectivo da materia, a comunicación por videoconferencia na que o profesor desenvolve as unidades didácticas, resolve dúbidas e plantexa tarefas a realizar.
- Na aula virtual inclúense resúmenes dos temas a desenvolver, simulacións de casos prácticos, plantéxanse tarefas a realizar, para posteriormente incluír as solucións das mesmas.
- O correo electrónico servirá como canle de comunicación complementario entre o profesor e o alumno.
- Para a realización de prácticas de laboratorio que son obxecto de das especificacións das ABAU de Química, recurrirase a simulacións das mesmas en canles como youtube, a partir dos cales os alumnos realizarán os informes correspondentes.

2.2.- Avaliación no caso de ensino non presencial.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos que os indicados anteriormente para o ensino presencial nos apartados: 7.2. Plan reforzo; 7.3. Procedemento de avaliación continua; 7.4. Procedemento de avaliación final; 7.5. Procedemento de avaliación extraordinaria; 7.6. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes, coas seguintes modificacións:

- 7.2. Plans reforzo. Realizaranse a través da comunicación mediante a aula virtual, videoconferencia Webex e correo electrónico.
- 7.3. Procedemento de avaliación continua. Os exames escritos realizaranse a través da aula virtual, coa posibilidade, se existen problemas de conexión ou sospeita de accións fraudulentas durante a realización dos mesmos, de que o profesor realice exames individuais orais a través de videoconferencia.

Asimesmo os demais instrumentos de avaliación: informes de prácticas de laboratorio e tarefas propostas, entregaránse a través da aula virtual.

- 7.4.- Procedemento de avaliación final. Consistirá nunha proba realizada a través da aula virtual, coas consideracións indicadas no apartado anterior.
- 7.5. Procedemento de avaliación extraordinaria. Consistirá tamén nunha proba realizada a través da aula virtual, coas consideracións sinaladas no apartado 7.3

2.- Adaptacións en caso de docencia semipresencial.

Non se contemplan no noso centro, dado que este tipo de docencia non se contempla no inicio deste curso 20-21.